

## ESCALETA RADIO EXPERIMENTAL

### “Étimos e ditos de aves e paxaros da nosa contorna”.

SON	VOZ	TEXTO	TEMPO APROX.
01 Paxaros			5 seg.
02 POESÍA MUSICADA	1º PRIMA RIA	- <u>Gravado a priori.</u> - Prados, ríos, arboredas, pinares que move o vento, paxariños piadores, casiña do meu contento...	7 seg.
03 Música ambiental		- Así falaba Rosalía do seu fogar, unha terriña chea de sons naturais.	
03 Música ambiental		- Chea de cantos de paxaros, pero cada un co seu nome.	
03 Música ambiental		- Riqueza léxica ártabra que estamos orgullosos e orgullosas de amosar, despois dun proceso de documentación que realizamos, a través dun cuestionario e da súa difusión nas redes sociais.	
		- Igual que a migración das aves e paxaros , da súa longa viaxe chea de perigos e incerteza, para caer en mellor fogar. Nós tamén desexamos que as nosas verbas viaxen lonxe a través das ondas da nosa Radio Experimental e cheguen como trinos a outros lugares.	
		- E que as reteñan, pois as palabras son o noso máis valioso tesouro. É unha recollida de étimos vernáculos que desexamos pasen a ser de uso habitual e así, agasallemos á fala cunha primavera da lingua. Chea de flores e verbas diversas. Unha riquísima diversidade semántica.	
04 Charadrius alexandrinus		- Amigos dos humedais, da costa, dos areais, na orde dos Charadriiformes.	

04 Charadrius alexandrinu s		- Canto <b>Charadrius alexandrinus</b>	
		- Píllara, Lavandeira, Pildorita, Chorlito, Playero, Corredor, Pildoriña, Pildoriña dos marouzós, Papudas e Píllara... para nomear ao <b>Charadrius alexandrinus</b> , pequena limícola das máis ameazadas nos areais da contorna.	
		Co dorso pardo cincento e a plumaxe branca nas partes interiores. Ten o período reprodutivo de marzo a xuño, polo que pedimos encarecidamente que non paseedes as vosas mascotas polo areal. Pois aniñan no chan.	
		Nós sabemos que vós, que queredes tanto aos animalíños habedes de telo en conta a partir de agora.	
05 CANTAREL A	2º primar ia	- <b><u>Gravado a priori.</u></b> - <b>Miña mai ten píldoras ten píldoras, ten píldoras Miña mai ten píldoras ten píldoras, ten mil e meu pai compráballas compráballas, compráballas e meu pai compráballas a dous réas.</b>	15 seg.
06 Scolopax rusticola		- Canto <b>Scolopax rusticola</b>	
		- Arcea, Becada, Mazarico, Becarina, Vicacina, Paxaro da neve, Sorda... para nomear ao Scolopax rusticola. No proceso de documentación lemos no blog de Rafael López Loureiro que Silverio Cerradelo, lingüista, veterinario, investigador e profesor universitario, realizou un traballo formidable na axuda da estandarización e codificación precisa dunha lexicografía naturalista no idioma galego.	

		En concreto en "Os nomes das aves en galego", concretando que Arcea é o nome máis estendido en galego, xa dende o galego medieval e confirmado polas escritas de Frei Martín Sarmiento.	
		Silverio Cerradelo engade: Arceucha ,cea, galiñola, pitarola, pita das poulas e torda, como outros étimos máis locais e puntualiza que becada, becacina son dous castelanismos que non debían incorporarse a lingua galega. Para saber máis non teñen máis que pescudar no blog Ao noroeste do Noroeste.	
06	<b>Scolopax rusticola</b>	- A Arcea é unha limícola, ave de humedais e de bosques densos de folla caduca. Plumaxe de tons marróns e avermellados que lle permite mimetizar co chan, iso fai que voe pouco. Pico longo e sensible, gran campo de visión, ave asustadiza. Aquí podemos vela no inverno, onde un bo grupo de individuos eurasiáticos se desprazan cara a o sur e aparecen polos humidais da bisbarra.	
07	<b>Phalacrocorax carbo</b>	- Na orde das Pelecaniformes, catro dedos con pes palmeados...	
07	<b>Phalacrocorax carbo</b>	- Canto <b>Phalacrocorax carbo</b>	
		- Chíscala, Corborán, Corvo mariño, Corva, Cormorán.... para nomear á <b>Phalacrocorax carbo</b> , outra ave das nosas costas, de tamaño grande, pescozo longo, pico prominente, plumaxe que semellan escamas. Goza de pasar tempo nas rochas ou coas ás estendidas nas árbores.	
		De aspecto algo torpe, pero que cando se xuntan un lote deles, son quen de enliarse como unha rede que cerca aos peixes, ata que os papan. Consumado pescador o que implica certos conflitos cos seres humanos.	

<p>08 ALBORAD A DE ROSALÍA</p>	<p>ALUM NADO DE 5º</p> <p>Ata minuto 1:15</p>	<p>- <u>Gravado a priori.</u></p> <p><b>Canta...!,</b></p> <p><b>paxariño can-</b></p> <p><b>ta-de ponliña en pon-</b></p> <p><b>la-que o sol se levan-</b></p> <p><b>ta-polo monte ver-</b></p> <p><b>de-polo verde mon-</b></p> <p><b>te-alegando as her-</b></p> <p><b>bas-alegando as fon-</b></p> <p><b>tes...!</b></p>	<p>30 seg.</p>
<p>09 Egretta garzetta</p>		<p>Na orden Ciconiiformes, de pescozo longo, zancudas...</p>	
<p>09 Egretta garzetta</p>		<p>- <b>Canto Egretta garzetta</b></p>	
		<p>- Garza pequena branca, Garza, Garceta, Garcilla, Chusmita... para nomear á Egretta garzetta. Ave amante dos entornos húmidos e do barro, no que captura insectos, vermes e batracios. Tamaño grande, plumaxe branco, longo pico negro ao igual que as patas e pés amarelos.</p>	
<p>10 Alcedo atthis</p>		<p>- Da orde dos Coraciformes, de pico alongado, cores vistosas...</p>	
<p>10 Alcedo atthis</p>		<p>- Canto <b>Alcedo atthis</b></p>	
		<p>- Picapeixe, Alción, Martín pescador... para nomear ao <b>Alcedo atthis</b>, paxariño que da nome á Asociación de familias do noso colexio. De cores rechamantes, é coma unha frecha azul turquesa no río. Paxaro tímido, fuxe do observador. Invernante moi común.</p>	

		Necesita taludes areosos para escavar o seu niño, así como unha abundante poboación de pequenos peixes, larvas de insectos acuáticos e anfibios para alimentarse.	
11	Turdus merula	- Aves cantoras, paseriformes, con catro dedos que lles permiten agarrarse ás árbores, entorno de bosque do que gustan...	
11	Turdus merula	- Canto <b>Turdus merula</b>	
		- O Merlo e máis a Merla polo río van nadando, o Merlo non nada moito e a Merla non nada, nada.	
		- Merlo, Merla, Tordo, Zorzal, Merliño.... para nomear ao Turdus merula, ave moi coñecida, de tons escuros nos machos e pardos nas femias, tamaño grande e cola longa. El co peteiro laranxa, ela máis amarelo. Polo chan anda a saltos e gusta da arboreda, onde exhibe un vo áxil de baixa altura.	
		- Foi a merla onde a formiga e pedíulle un pan prestado; a formiga lle repuxo: Mentras andas na silveira, chirlo merlo, chirlo merlo, traballa de vrau pra comer de inverno.	
12	POESÍA INFANTIL	Alumnado de infantil	- <b><u>Gravado a priori.</u></b> - <b>Dó – Re – Mi</b> <b>voa o colibrí,</b> <b>mi, fa, sol,</b> <b>canta o ruiseñor,</b> <b>sol, la, si,</b> <b>anda a perdíz,</b>

		<p>si, dó, re, nada o petrel, re, mi, fa, mira o gavián, dó, re, mi, fa, sol, la, si, cantan todos para ti.</p>	
13	Regulus ignicapilla	- Canto <b>Regulus ignicapilla</b>	
		- Tui, Triga, Monxa, Pimpim, Reyezuela, Reyezuelo, Listado, Estreliña Riscada, Folosiña, Carriza branca, Picafolas, Furafollas, Papuxa, Chichí ... para nomear ao <b>Regulus ignicapilla</b> .	
		Habitual dos bosques de ribeira, diminutos, pasan por ser os paxariños máis pequerrechos de entre todas as aves europeas. Con só entre 5 e 6 gramos de peso, raramente 7; isto non impide que sexan grandes viaxeiros.	
		Paxariño rechoncho, con tonalidades verdosas e cabeza engalanada cun deseño de listas. De vo frenético e que non se inmuta ante a presenza humana.	
14	Conto Tui	4° <b>CONTO TUI REI DAS AVES</b> <b>PRIMARIA</b>	1:30
15	Erithacus rubecula	- Canto do <b>Erithacus rubecula</b>	
		- Paporroibo, Petirroxo, Paporubio, Rubio, Carrizo, Pisco, Pimentero, Esla, Peizoque... para nomear ao <b>Erithacus rubecula</b> . Sinxelo de coñecer pola súa plumaxe laranxa no papo, moi territorial, anda polo chan dos xardíns buscando insectos. Canta pousado nas ponlas, agresivo na época reprodutora e de invernada. Nesta época as parexas sepáranse e defenden territorios individuais.	

16 POESÍA 3º	3º PRIMARIA	- <b>Paporroibo pequerrecho</b> <b>fixo o niño no xardín,</b> <b>pía, pía paxariño</b> <b>canta tamén para min.</b>	
		- E rematamos cunha ave diurna, de présa, unha Falconiforme.	
17 Accipiter nisus		- <b>Canto do Accipiter nisus</b>	
		- Ghavilán, Gavilán, Falcón, Buxato, Mixiato, Azor, Rojizo, Teceman... para nomear ao <b>Accipiter nisus</b> . Ave forestal que se alimenta da captura doutras aves máis pequenas como a Estreliña riscada.	
		Móvese ben por intrincados bosques de matorrais, de ás curtas e redondeadas e cola longa. De entre as rapaces, das máis pequenas, sendo as femias máis corpulentas e tendo diferente cores na plumaxe. As femias co dorso pardogrisáceos e os machos dun gris máis intenso.	
		“Ghivilán, ghivilán que naciches no Gavián”	
03 Música ambiental		- Rematamos coa ilusión de que os étimos voen ata os vosos beizos e comunicando unha adhesión, á do noso proxecto “Aprendendo, naturalmente!” . Adheríndonos encantados da vida ao que recen vai ser creado Día do naturalismo galego.	
		O día 9 de marzo, para conmemorar o natalicio de Martín Sarmiento, a quen o noso proxecto tamén considera o primeiro naturalista de Galicia.	
		Convidamos a todas e todos os ouvintes a adherirse e conmemorar o día 9 de marzo, Día do Naturalismo Galego.	
03 Música ambiental		- Desexamos que con áxil vo cheguen ata vós étimos tradicionais con arrecendos a vila e mar cedeirés. Ata outra!	

